

Pistas cartón 1: Clasificación

- Grande e peludo, o mel sempre o deixa mudo.
- Cazo en manda, ouvéolle á lúa e teño fama de astuto.
- Voando vixío, desde o alto decido.
- Pequeno e nocturno, canto na noite sen verme.
- Subo o río sen descansar, volvo á miña orixe para continuar.
- A miña pel brilla, gusto da choiva e das pedras húmidas.
- Plana como un prato, no fondo do mar agardo.
- Sen patas móvome, coa lingua busco o rastro.
- Salto sen parar, na auga e na terra podo estar.

Pistas cartón 2: Funcións vitais

- Gústame moito a herba, enterro os meus ovos e vivo moitos anos.
- Agocho os meus ovos no fondo do mar, os peixes pequenos vou papar.
- Relaciónome co medio a través da miña aguda visión nocturna.
- Son un experto en saltar e no monte vou pastar.
- Na primavera vou volver, os meus polos hei de ver.
- Ao sol descanso, como insectos e poño ovos perfectos.
- Do río ao mar fuxo para criar, pero nunca regreso ao fogar.
- Vivo baixo terra e como de todo.
- De noite vixío, cazo e protexo o meu niño.

Pistas cartón 3: Hábitat

- Vivo en charcas e ribeiras, gústame saltar pola beira.
- Busco prados e tellados, sempre preto de ríos e campos.
- Na terra, no río ou no mar, sempre paseniño vou avanzar.
- Vivo en cumios e cortadas, controlando todo dende o alto.
- Bosques frondosos son o meu lar, no inverno gusto de descansar.
- Paso parte da miña vida no mar, pero volvo aos ríos para desovar.
- No bosque húmido ando a vagar e o meu corpo brillante é difícil de atopar.
- Vivo no río e no mar, cun corpo longo para nadar.
- Fago tobos profundos para habitar, saio de noite para larvas cazar.



“Bingo dos animais”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)